



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Emprendemento e Autoemprego		Código	610441007s
Titulación	Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética (semipresencial)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma				
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Teijeiro Álvarez, Mercedes	Correo electrónico	mercedes.teijeiro@udc.es	
Profesorado	Teijeiro Álvarez, Mercedes	Correo electrónico	mercedes.teijeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	En contornas cada vez máis globalizados e competitivos a figura do emprendedor adquire un papel protagonista no contexto económico e social dunha comunidade, en especial, a creación de empresas de alto valor engadido baseadas no desenvolvemento de avances científicos e tecnolóxicos en sectores estratéxicos como elemento dinamizador do crecemento. Esta materia encádrase no Máster en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética. As achegas principais da materia son: comprender a importancia da cultura emprendedora, aprender a emprender un negocio e analizar o contexto, así como avaliar as oportunidades e riscos das accións emprendedoras.			
Plan de continxencia	En caso dun novo confinamento por mor da covid19: 1. Non haberá modificacións nos contidos. 2. Todas as clases e actividades pasarán a realizarse mediante videoconferencia por TEAMS. As practicas de laboratorio seran substituídas por actividades on line en Moodle o Teams 3. Os mecanismos de atención personalizada ao alumnado serán vía email, videoconferencia ou chat implementado en TEAMS. 4. A avaliación pasará a ser online, pero non haberá modificacións nas porcentaxes asignadas ao exame, exercicios prácticos e actividades. 5.Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non haberá modificacións			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Capacidade de utilizar ferramentas Bioinformáticas a nivel de usuario
A13	Capacidade para integrarse profesionalmente en servizos do sector sanitario, farmacéutico, veterinario, produción animal, biotecnoloxía ou industrias do sector da alimentación
B7	Capacidade de progreso persoal: aprender de forma autónoma, adaptarse a novas situacións, desenvolvendo calidades como creatividade, capacidade de liderado, motivación pola excelencia e a calidade
B8	Capacidade de razoamento crítico e compromiso ético coa sociedade: sensibilidade fronte aos problemas bioéticos e aos relacionados coa conservación de recursos naturais
B11	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en entornos novos
B12	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e afrontar a complexidade de formular xuízos baseados na información, que, por ser incompleta ou limitada, inclúe reflexións sobre as responsabilidades éticas e sociais vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos



B13	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, o coñecemento e as últimas razóns que os apoian a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e inequívoco
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C9	Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a posibilidade de aplicar os coñecementos adquiridos para a inserción profesional con criterios de innovación	AI13		CM5 CM8
Coñecer e aplicar a metodoloxía básica para elaborar un plan de negocio	AI3 AI13	B17 B18 BM3 BM4	
Coñecer de forma básica os procesos de xestión nas empresas	AI13	B17 B18 BM2 BM3 BM4	CM9

Contidos	
Temas	Subtemas
Innovación, emprendemento e autoemprego	O coñecemento transferible e a súa protección Conceptos básicos de emprendemento e autoemprego Estratexia e vantaxe competitiva
Metodoloxía de emprendemento e plans de negocio	Compoñentes dun modelo de negocio Estrutura e desenvolvemento dun plan de negocio Marketing
A xestión dos recursos da empresa	Liderazgo Xestión dos recursos humanos Xestión do capital intelectual
As empresas do sector biosanitario e biotecnolóxico	Características específicas Casos de éxito

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A3 A13 B7 B8 B11 B12 B13 C8 C5	0	3	3
Traballos tutelados	A13 A3 B7 B8 B11 B12 B13 C5 C8 C9	3	18	21
Proba obxectiva	B11 B12 B13	0	10	10
Seminario	A13 B8 B11 B12 B13 C8 C5	3	0	3



Sesión maxistral	A13 B11 B12 B13 C8 C5	0	36	36
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Atenderanse todos as dúbidas expostas no horario de titorías vía Teams

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A3 B7 B8 B11 B12 B13 C5 C8 C9	Realización e presentación dun plan de negocio onde se vexan reflectidos todos os contidos abarcados no módulo.	70
Proba obxectiva	B11 B12 B13	Consistirá en preguntas tipo test de resposta múltiple, sobre os contidos dos temas tratados nas sesións maxistrais.	30

Observacións avaliación

